



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO – O PORRIÑO

Moción solicitando a comparecencia da alcaldesa e o concelleiro de urbanismo para informar sobre o convenio urbanístico de Frigolouro

Exposición de motivos.

O día tres e catro de novembro a empresa Frigolouro pertencente á cooperativa COREN anunciou publicamente nos medios de comunicación a súa intención de trasladar a planta de procesado de porcino e conservas que está emprazada no Porriño a Portugal. Para esta decisión a empresa xustifícase que no Porriño ten unha alta conflictividade laboral que afecta directamente a seu nivel produtivo e falla de competitividade.

Dende o BNG volvemos a reiterar, que a empresa frigolouro é directamente responsábel das condicións laborais dos/as autónomos/as que pertencen a cooperativa SERVICARNE. Por tanto ten ser parte activa en conseguir melloras laborais que se equiparen o resto de persoal da empresa. Non podemos, como organización política, pasar por alto a conflictividade laboral de frigolouro porque consideramos que a reclamación de melloras laborais demandadas polos traballadores/as da cooperativa SERVICARNE e do resto de persoal son xustas e están dentro do marco das relacións laborais vixentes.

Recorrer a xustificación dunha falla de competitividade, derivada dunha alta conflictividade labora,l para por en marcha un proceso de deslocalización da empresa do Porriño, é querer ocultar os motivos reais, que están detrás desta ameaza, de levar a empresa a Portugal.

No Porriño, a cidadanía demanda un novo emprazamento para empresa frigolouro, porque o emprazamento actual é un impedimento para a mellora de calidade de vida dos/as veciños/as. Pero demandar un novo emprazamento non é ir para o país veciño. O BNG sempre defendeu un traslado de frigolouro para outro emprazamento pero sempre dentro do termo municipal. Proposta que fixemos directamente a empresa e recollemos no noso programa electoral.

Somos conscientes que para conseguir este obxectivo, de manter a empresa no Porriño nun novo emprazamento e que a empresa gañe competitividade, é preciso que tanto a empresa como as administracións (Local e Galega) traballen de forma coordinada na procura do mesmo. Pero o que non axuda a este obxectivo é que a empresa recorra a ameaza, interna e externa, para conseguir privilexios económicos e urbanísticos.

Frigolouro non pode esquecer que as administracións públicas, atendendo a función social que desempeñan as empresas, destinan recursos públicos, vía subvencións, para a modernización e mellora de competitividade das empresas. Sendo a empresa Frigolouro e a cooperativa COREN destinatarias en distintas anualidades de fondos públicos.

O papel que debe xogar o Concello do Porriño é determinante para lograr un acordo coa empresa para que se manteña no Porriño nun novo emprazamento. Pero para iso debemos esixir actitudes de diálogo, e non de confrontación, como mostrou alcaldesa en recentes declaracións. O goberno local non pode limitar, que é o que fixo a empresa, o anuncio de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO – O PORRIÑO

deslocalización a un conflito laboral. A alcaldesa tiña a obriga de contactar coa empresa para coñecer de primeira man as verdadeiras intencións da empresa. E non fuxir desa responsabilidade acolléndose a que primeiro hai que solucionar un problema laboral. A reclamación da solución ao conflito laboral non ten porque impedir avances na procura dunha solución sobre a non continuidade de Frigolouro no emprazamento actual.

A propia Alcaldesa recoñece que hai, ou houbo, conversas con Frigolouro para a sinatura dun convenio urbanístico. Conversas que deben existir e manterse ate chegar a un acordo para conseguir a finalidade de permanencia nun novo emprazamento no Porriño. Mais esas conversas teñen que ser transparentes. É obriga do goberno informar aos grupos da corporación os termos das mesmas.

Tendo en conta o exposto anteriormente o grupo municipal do BNG solicita do pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

Punto único.

Solicitar a comparecencia do Alcaldesa e do concelleiro de urbanismo, no seguinte pleno ordinario, para que se informe a corporación sobre as propostas realizadas pola empresa Frigolouro ao concello do Porriño, na reunión do mes de marzo deste ano,- data da última reunión entre a empresa e o concello do Porriño conforme a manifestación feita pola alcaldesa-, co obxecto da súa inclusión nun futuro convenio urbanístico entre as dúas entidades .

O Porriño, 10 de novembro de 2016

Asdo.

Grupo municipal do BNG

SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DO PORRIÑO

ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO